

INSTRUCCIÓN Nº 8 RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO OU EXPLOTACIÓN E DOS GASTOS DE ANIMACIÓN DA EDLP POLOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

O Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrégase o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, establece, no seu artigo 35, que a axuda dos Fondos EIE de que se trate ao desenvolvemento local participativo incluírá os **custos de explotación** vinculados á posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local participativo (funcionamento, persoal, formación, etc...) e a **animación da estratexia** de desenvolvemento local participativo.

O convenio de colaboración asinado pola Consellería do Mar e os Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (en adiante GALP) fixa na cláusula décimo quinta cales son os gastos de explotación ou funcionamento e de animación subvencionables.

En data 15.06.2016 ditouse a instrución nº 1 (procedemento de xustificación de funcionamento ou explotación e dos gastos de animación da EDLP polos GALP) , que foi complementada na mesma data e modificada en data 11.04.2017.

A experiencia acumulada no proceso de xustificación dos gastos de animación da EDLP, fai aconsellable homoxeneizar o procedemento de planificación coa finalidade de mellorar o seguimento e impacto das actuacións desenvoltas.

Segundo se recolle no punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, relativa á normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP, a Consellería do Mar poderá establecer regras complementarias e ditar instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

De acordo con todo o anterior, dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Primeiro: Subvencionalidade dos gastos

Son gastos subvencionables -e non subvencionables-, segundo o establecido na cláusula décimo quinta do citado Convenio, os seguintes:

Gastos de funcionamento ou explotación subvencionables son os vinculados á xestión da posta en práctica da EDLP, e consistirán en:



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Medida 4.1.2. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

1. *Gastos de persoal, que terá a cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión do programa. Ditos gastos incluírán retribucións salariais, cotizacións á seguridade social e indemnizacións.*
2. *Asistencia á xestión en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da EDLP. As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables.*
3. *Gastos notariais, rexistrals e periciais.*
4. *Subministracións externas (consumo de servizos de natureza diversa)*
5. *Material informático, telemático e de reprografía.*
6. *Gastos relativos á sede do GALP (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, telefonía, electricidade, limpeza, internet, material funxible etc...).*
7. *Gastos referidos á constitución de avais ou de garantías bancarias que sexan necesarios para a tramitación e concesión dos anticipos correspondentes á axuda pública destinada aos gastos de funcionamento e animación do GALP.*
8. *Gastos de constitución de pólizas bancarias.*
9. *Gastos vinculados ao traballo en rede.*
10. *Gastos correspondentes a actividades formativas.*
11. *Gastos de seguros.*
12. *Gastos relativos á avaliación e seguimento da estratexia.*
13. *Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da consellería do Mar, tales como os gastos de representación institucional, as axudas de custo e desprazamento, gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GALP, a excepción de calquera tipo de retribución por asistencia a elas. Tanto as axudas de custe coma os gastos por desprazamentos limitaranse as contías máximas que se establezan por instrución do organismo intermedio de xestión.*

Non son subvencionables os seguintes gastos:

- 1 *Os derivados de despedimentos improcedentes.*
- 2 *Os xuros debedores das contas bancarias.*
- 3 *Os xuros e recargas de carácter tributario.*
- 4 *As sancións pecuniarias administrativas e penais.*

Os gastos de animación da EDLP teñen a finalidade de intercambio entre as partes interesadas para subministrar información e fomentar a estratexia, e para apoiar aos beneficiarios potenciais con vista á gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Poderán ser subvencionables os seguintes gastos:

1. *Difusión da estratexia no territorio de actuación.*
2. *Encontros, xornadas, seminarios, congresos.*
3. *Estudos, informes, publicacións.*



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Medida 4.1.2. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

4. *Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.*
5. *Intercambio de experiencias, viaxes, presenza en feiras e eventos, incluso no estranxeiro, etc.*
6. *Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación e accións conxuntas.*
7. *Valorización do patrimonio cultural inmaterial.*
8. *Calquera outro validado polo organismo intermedio de xestión.*

Segundo. Previsión dos gastos de animación

O GALP realizará unha previsión anual de actuacións e gastos destinados á animación da EDLP, para o cal presentara diante do organismo intermedio de xestión un Plan de animación da EDL para o ano correspondente.

O Plan de animación realizarase conforme ao modelo polo servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, e entregarse antes do 1 de febreiro de cada ano.

Para o período comprendido entre o 1 de xullo e 31 de decembro de 2018 realizarse un Plan de animación semestral, que será presentado antes do 31 de xullo.

As accións de animación irán encamiñadas á promoción do programa de axudas ao abeiro da EDLP, co cal se promoverá a integración da participación de novos axentes, co fin de ampliar o seu coñecemento.

O GALP manterá un control do público asistente ás diferentes accións de animación, co obxectivo de fomentar a difusión de información sobre o Programa de axudas e a súa estratexia. Esta información, estará sometida á privacidade establecida na normativa de protección de datos persoais.

Dito plan poderá ser obxecto de revisión polo órgano que ante a cal se presentou, por variación das circunstancias inicialmente previstas, previa solicitude razoada do GALP na que se xustifique a oportunidade e conveniencia dos cambios, en función dunha aplicación da EDLP máis eficaz e/ou eficiente.

Será obrigatorio dar publicidade ás actividades programadas e realizadas de animación da EDLP na páxina web: galp.xunta.gal



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Medida 4.1.2. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

Terceiro. Período de imputación

O GALP poderá imputar os gastos de funcionamento e animación en que incorrese desde a data de selección da EDLP ata o 31 de decembro de 2020, ou período estendido que normativamente se determine.

Para estes efectos, no tocante aos activos adquiridos, só se considerará elixible a suma das amortizacións anuais incluídas no período temporal de elixibilidade do gasto indicado no parágrafo anterior. No caso de que eses activos adquiridos en propiedade teñan algún valor residual ao final do programa, estes valores pendentes de amortización deberanse restar das declaracións finais de gastos que realice o GALP. Alternativamente, os gastos de aluguer para uso de activos fixos realizados durante o período de imputación son sempre elixibles, con independencia de que a amortización completa deses bens supere o límite de dito período de subvencionabilidade.

Cuarto. Xustificación dos gastos de xestión

Os GALP deberán acreditar trimestralmente os gastos de funcionamento e animación efectivamente realizados ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

As xustificacións presentaranse separando con claridade os gastos de funcionamento dos gastos de animación, perante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar da Xunta de Galicia como norma xeral, nos vintecinco (25) días seguintes ao fin de cada trimestre ou do momento do esgotamento do anticipo.

A derradeira xustificación anual comprenderá os gastos efectivamente pagados no exercicio corrente xunto cos gastos que se devindiquen no exercicio corrente pero que se aboen ao mes seguinte. (Retencións de IRPF, seguridade social, etc). A presentación desta xustificación poderá estenderse ata o último día do mes de xaneiro do ano seguinte.

É requisito indispensable para a aceptación da xustificación que os gastos se encontren cargados de xeito correcto e íntegro na aplicación informática facilitada pola Consellería do Mar aos GALP para a xestión e control do programa, e de xeito coherente coa documentación que se presente.

As actividades xustificadas de animación deberán corresponderse coa previsión validada. Co fin de posibilitar a verificación “in situ” das actividades, a súa celebración deberá ser comunicada por escrito ao servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, cando menos con 5 días naturais de antelación ao comezo da actividade en cuestión, indicando o tipo de acto, hora e lugar de celebración e a difusión realizada.



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Medida 4.1.2. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

A xustificación é requisito indispensable para poder recibir posteriores libramentos destinados a esta tipoloxía de gasto.

Quinto. Requisitos de documentación

Na xustificación dos gastos presentarase a seguinte documentación orixinal (ou copia cotexada), ademais dunha copia en formato dixital:

1. **Memoria xustificativa** da realización das actividades, pagos ou investimentos, sinalando de xeito sistemático os diferentes conceptos de gasto, separando claramente as partidas destinadas a gastos de funcionamento ou explotación e a gastos de animación.
2. **Declaración responsable** de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo gasto.
3. **Relación de facturas**, indicando o número de facturas, nome da empresa emisora e NIF, importe total, con desagregación do IVE.
4. **Facturas** orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados, xunto cos xustificantes bancarios do pagamento das ditas facturas. As facturas deben estar debidamente seladas coa porcentaxe de imputación ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).
5. **Certificacións** acreditativas de estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
6. **Nóminas** do persoal do GALP, **TC** e xustificantes da práctica do ingreso a conta do **I.R.P.F.** retido.
7. Relación dos gastos cos xustificantes, relativos ás **axudas de custo**.
8. Na xustificación da adquisición de maquinaria e equipamento deberase xuntar unha **relación dos equipamentos** subvencionados na cal conste marca, modelo e número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación así unha certificación asinada polo xerente e ratificada pola persoa que ocupe a secretaría do grupo na que se fagan constar as características do investimento e o cumprimento das medidas de información e publicidade.
9. Na xustificación de xornadas, seminarios ou actividades semellantes deberase achegar **copia dos temas** tratados, **relación de asistentes** coas sinaturas correspondentes, **diplomas** asinados, **conclusións**, así como **dossier de prensa** con fotografías, se é o caso, e calquera outro documento que achegue evidencia da súa celebración.



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Medida 4.1.2. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

Ademais, no suposto de realizarse algunha publicación, achegaranse copias da edición de libros, folletos, guías ou a proba documental que corresponda no caso de edición en soporte dixital.

10. Na xustificación dos materiais de animación elaborados evidenciarase o cumprimento dos requisitos establecidos no Plan de Información e publicidade do FEMP e, en particular, da utilización de formatos accesibles que garantan a igualdade de oportunidades conforme ao estipulado no apartado 4.2.b) do dito Plan.
11. Na **contratación** das obras, subministracións ou servizos, **documentarase o cumprimento** da cláusula décimo sétima do convenio de colaboración e das **instrucións específicas** sobre contratación dos GALPs ditadas pola dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para garantir as boas prácticas na contratación e o uso eficiente dos Fondos.

Sexto. Outros requisitos

A documentación indicada nos puntos 1,2,3,7,8 e 9 do punto quinto desta Instrución deberá estar **selada e asinada** tanto polo/a Presidente/a como polo/a Secretario/a do GALP.

A documentación indicada nos puntos 4 e 6, da letra E), deberá presentarse en copia cotexada e co selo de imputación ao FEMP.

Ademais, a xustificación acompañarase dun **informe de auditoría**, que cumpra coas instrucións específicas que se diten, e que certifique:

- a) Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custo se certifica foron efectivamente realizadas.
- b) Que os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagos.

Ademais, cando proceda, a persoa que ocupe a xerencia do GALP levantara **acta de verificación "in situ"** correspondente.

O GALP conservará e custodiará a documentación xustificativa das operacións xustificadas, e garantirá que será posta ao dispor dos órganos de control que a soliciten.



Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP
Medida 4.1.2. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%

Sétimo. Cerramento e liquidación dunha anualidade e solicitude do anticipo para seguinte

Para o cerramento dos sucesivos exercicios do presente período de fondos, unha vez xustificadas e validadas todas as xustificacións de gasto presentados polo GALP, procederase da seguinte maneira:

1. Unha vez que o GALP reciba a última validación, o/a presidente/a asinará o informe final de certificación que se xunta como anexo, relativa aos seguintes extremos:
 - a) O ingreso acumulado (funcionamento + animación) recibido polo GALP en concepto de anticipo no exercicio que se cerra.
 - b) O gasto validado acumulado (funcionamento + animación) no dito exercicio.
 - c) O gasto validado desagregado por conceptos (funcionamento e animación de maneira independente) nesa anualidade.
 - d) A diferenza agregada (todo o anticipado- todo o validado) que se devolve ao Tesouro da Comunidade Autónoma.
2. O saldo resultante da diferenza entre o anticipo recibido e o gasto agregado total validado será devolto ao Tesouro.
3. O GALP remitirá á dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o informe final de certificación e a proba da devolución ao Tesouro correspondente á liquidación final do exercicio que se cerra.
4. Unha vez acreditada a liquidación e devolución ao Tesouro, O GALP remitirá á dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a solicitude de anticipo para o exercicio seguinte.
5. A dirección xeral tramitará o pagamento do novo anticipo solicitado.

Esta instrucción deixa sen efecto a instrucción nº 1 de data 15.06.2016.

Santiago de Compostela, a 6 de xullo de 2018

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado electronicamente)

